

# **Wirtz** I.E.S.



**Acollida responsables do  
alumnado de Bacharelato**



---


**Curso 2022-2023**

Acollida pais/nais e alumnado – Curso 2022-2023




---

# PRESENTACIÓN DOS TITORES




**1º BAC A:** Antón Pastur Goicoa  
*[pga@fernandowirtz.com](mailto:pga@fernandowirtz.com)*

**1º BAC B:** Santiago López Torres  
*[lts@fernandowirtz.com](mailto:lts@fernandowirtz.com)*



**2º BAC A:** Carmen Paz Crespo  
*pcc@fernandowirtz.com*

**2º BAC B:** Pilar Richer Arias  
*rap@fernandowirtz.com*



## COMUNICACIÓN CO CENTRO

A vía de información empregada polo centro cara ao alumnado e/ou familias será:

- A web do centro: [www.fernandowirtz.com](http://www.fernandowirtz.com)
- Publicacións a través de a plataforma **ABALAR**

Para o seu manexo é imprescindible ter instalada a aplicación correspondente.

[Abalar Móbil Manual](#)

# Comunicación co centro

---

As **direccións de correo electrónico** do centro son as seguintes. Cada unha ten a súa función específica:

**[ies.fernando.wirtz@edu.xunta.es](mailto:ies.fernando.wirtz@edu.xunta.es)**: *correo corporativo e oficial do centro. Non é o adecuado para comunicacións cos titores/as, profesorado, xestións de secretaría.*

**[secretaria@fernandowirtz.com](mailto:secretaria@fernandowirtz.com)**: *xestións administrativas a realizar pola secretaría do centro, peticións de certificados, exencións, validacións, etc.*

**[aulavirtual@fernandowirtz.com](mailto:aulavirtual@fernandowirtz.com)**: *resolucións dos problemas relacionados coa aula virtual do centro, inicios de sesións, contrasinais, cursos, etc.*

**[soporte@fernandowirtz.com](mailto:soporte@fernandowirtz.com)**: *resolucións dos problemas relacionados coas contas de usuario utilizadas nos ordenadores do centro, inicios de sesións, contrasinais, etc.*

Durante períodos específicos existen outras contas relacionadas con procesos específicos que deixan de estar activas cando non son necesarias (por exemplo, para envío documentación, matrículas, etc).

SETEMBRO 2022		L	M	Mc	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25	26	27
28	29	30						

8 Comenzo curso 17 días lectivos

OUTUBRO 2022		L	M	Mc	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31					

31 Día do Ensino 18 días lectivos  
12 Festa Nacional 7 Nasario

NOVEMBRO 2022		L	M	Mc	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25	26	27
28	29	30						

1 Santos 21 días lectivos

DECEMBRO 2022		L	M	Mc	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31					

6 Día da Constitución 14 días lectivos  
8 Día da Inmaculada  
14,15 1ª Aval. ESO+1º BAC  
21 1ª Aval. Ciclos y FPB

XANEIRO 2023		L	M	Mc	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31					

1 Aninovo 17 días lectivos  
6 Día de Reis  
19 2ª Culliativa 2º BAC

FEBREIRO 2023		L	M	Mc	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25	26	27
28	29							

1 Entroido 17 días lectivos  
2 2ª Cull. 1º BAC+ESO+FPB  
21ª EABD  
23 2ª Avaliación 2º BAC

MARZO 2023		L	M	Mc	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31					

8 2ª Avaliación FPB 22 días lectivos  
15 Eva L.Final 2º Ciclos Ordinarios  
22, 23, 24 2ª Avaliación ESO+1º BAC+1º Ciclos

ABRIL 2023		L	M	Mc	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25	26	27
28	29	30						

14 Xoves Santo 14 días lectivos  
15 Venres Santo  
12 Avaliación final FPB

MAIO 2023		L	M	Mc	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31					

1 Día do Traballo 21 días lectivos  
17 Día das Letras Galegas  
05 2ª e Final EABD

XUÑO 2023		L	M	Mc	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31					

21 Último día lectivo 15 días lectivos  
24 San Xoán  
22 Aval.Final ESO,FP,EstrovoL.BAC

TOTAL DIAS LECTIVOS CURSO 2022-2023							
MES	L	M	Mc	X	V	S	D
Setembro	3	3	3	4	4	4	17
Outubro	4	4	3	4	3	3	18
Novembro	4	4	5	4	4	4	21
Diciembre	3	2	3	3	3	3	14
Xaneiro	4	4	3	3	3	3	17
Febreiro	4	3	4	4	4	4	19
Marzo	3	4	5	5	5	5	22
Abril	2	3	3	3	3	3	14
Maio	4	5	4	4	4	4	21
Xuño	3	3	3	3	3	3	15
TOTAL:	34	35	36	37	36	36	178

ESO-LBAC	Desde	Hasta	DL
1ª Trimestre	08/09/22	14/12/22	63
2ª Trimestre	15/12/22	22/03/23	56
3ª Trimestre	23/03/23	21/06/23	58
2º BAC			
1ª Trimestre	08/09/22	23/11/22	51
2ª Trimestre	24/11/22	23/02/23	50
3ª Trimestre (1)	24/02/23	18/05/23	51
CICLOS + FPB			
1ª Trimestre	08/09/22	21/12/22	69
2ª Trimestre	22/12/22	24/03/23	52
3ª Trimestre	25/03/23	21/06/23	55

(1) Pendiente calendario fin de curso

GRUPOS	1ª CUALITATIVA		1ª AVALIACIÓN		2ª CUALITATIVA		2ª AVALIACION		DEPOIS DO 06/XUÑO:	DEPOIS DO 21/XUÑO
ESO + 1º BACH	Xoves	27 Outubro (1) <i>(1) 1ºESO presencial</i>	Mércores	14 Decembro	Xoves	02 Febreiro	Mércores	22 Marzo	ESO: 3ª Aval.	ESO: Avaliación Final
			Xoves	15 Decembro			Xoves	23 Marzo	1ºBAC: Final Ordinaria	1ºBAC: Final Extraordinaria
			Venres	16 Decembro			Venres	24 Marzo		
2º BACH	Mércores	19 Outubro	Mércores	23 Novembro	Xoves	19 Xaneiro	Xoves	23 Febreiro	CIUGA	Xoves 22 Xuño (Extraord.)
1º FPB	Xoves	27 Outubro (1)	Mércores	15 Decembro	Xoves	02 Febreiro	Mércores	08 Marzo	Aval.Final Módulos	Aval.Final Extraord.
2º FPB							Xoves	12 Abril (FINAL)		Avaliación Final Ciclo
CICLOS	---	---	Mércores	21 Decembro	---	---	Mércores	15 Marzo (1)	Xuño	
							Venres	24 Marzo		
C.ESPECIALIZ.	---	---	Xoves	02 Febreiro	---	---	Venres	5 Maio		

**IMPORTANTE:** Nun prazo de 24 horas das datas aquí expostas, os Boletíns de Cualificacións deberán ser entregados ó alumnado. O resguardo deberá ser devolto ao titor debidamente asinado polos pais ou titores legais. OS PROFESORES CARGARÁN NO XADE AS CUALIFICACIÓNS 24 H ANTES DA DATA DE AVALIACIÓN.

*(1) Só 2º ciclos ordinario (FINAL)*

Todas estas datas quedan pendentes do informe e acordo das mesmas por parte do Consello Escolar.




## DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

---

- M<sup>a</sup> José Seoane Sánchez
  - Sust.: Sonia de la Iglesia Regueiro
- Susana Rodríguez Otero

As funcións do departamento pódense agrupar en tres ámbitos de intervención:

1. Apoio ao proceso de ensino aprendizaxe.
2. Apoio ao plan de acción tutorial.
3. Plan de orientación académico profesional.




- LOMCE – LOMLOE
- Documentos organizativos:
  - PROXECTO EDUCATIVO
  - Normas de Organización e Funcionamento (NOF)
  - Plan de Convivencia
  - Plan de Orientación
  - Plan de acción tutorial
  - Plan de atención a diversidade
  - Plan TIC
  - Plan de igualdade
  - Plan de fomento do uso do galego
  - Proxecto Lector
  - Plan de mellora de bibliotecas escolares
  - Club de lectura
  - Voluntariado da biblioteca
  - Programación da FCT

A disposición da comunidade educativa na web do centro:  
<https://www.fernandowirtz.com/publicar.php?tag=Docs%20Organizativos>

# Resumo de Normas de Convivencia

---



A continuación se enumera un resumen das **normas de convivencia** que **figuran nas NOF (Normas de organización e funcionamento)**.

Neste momento algunha desas normas ven de alterarse pola aplicación do PROTOCOLO COVID que pode consultarse na web do centro.

# Resumo de Normas de Convivencia

---

1. Respecto a toda a Comunidade Educativa.
2. A asistencia a clase é obrigatoria.
3. Puntualidade á hora de entrada e saída das clases.
4. Corrección no modo de falar, xestos ... na relación con todos os membros da Comunidade Educativa.
5. Limpeza nas instalacións e coidado do mobiliario e material de traballo.
6. Non esta permitido o consumo de sustancias nocivas para a saúde (tabaco, alcohol ou outro tipo de drogas). Os menores de idade non poderán consumir aquelas sustancias non permitidas por lei (bebidas para maiores de idade etc.)
7. Non usar teléfonos móbiles nin aparellos electrónicos, agás nos recreos ou en aquelas circunstancias expresamente indicadas polo profesorado. Na ESO e na FPB NON SE PERMITE O USO EN TODA A XORNADA LECTIVA.
8. Vestir coa corrección que lle corresponde a un Centro Educativo.
9. Co fin de controlar o acceso ás instalacións do Centro de persoas alleas ao mesmo así como as faltas de puntualidade, tanto os profesores como o persoal non docente poderán requirir do alumnado a presentación do correspondente carné escolar identificativo.
10. O alumnado seguirá as orientacións do profesorado respecto á súa aprendizaxe e mostraralle o debido respecto e consideración, tanto ao profesorado como ós compañeiros tendo en conta, de maneira especial, o dereito ó estudo dos mesmos.

# Resumo de Normas de Convivencia

11. Para calquera ausencia prevista o alumno ten que comunicalo ó seu titor. Se a ausencia vai ser prolongada (por motivos xustificados) deberá ser coñecida pola Xefatura de Estudos.
12. As faltas de asistencia por enfermidade, indisposición.....deben ser xustificadas por escrito ou persoalmente ante o titor polos pais ou titores legais dos alumnos nos dous días seguintes a súa volta.
13. Os alumnos menores de idade non poden abandonar o recinto escolar. Para facelo deberán ser recollidos por algún adulto que se faga responsable da súa ausencia. En caso de non ser posible, o alumno deberá traer unha xustificación por escrito que debe ser confirmada telefonicamente.
14. As ausencias a primeira hora ou por toda a xornada académica, sexa por enfermidade, compromisos médicos, xudiciais, persoais...deberán ser notificadas telefonicamente ó Centro entre as 8:30 e 9:20. Posteriormente entregarase a xustificación por escrito ó titor.
15. Os alumnos que así o desexen, previa información por parte de Xefatura de Estudos e consentimento dos seus pais ou titores, poderán atrasar a súa hora de entrada no Centro en caso de ausencia confirmada dun profesor. Os restantes serán atendidos polo profesorado de garda.
16. Os alumnos poderán abandonar o centro previa información por parte de Xefatura de Estudos e consentimento dos seus pais ou titores en caso de adiantarse a hora de saída por ausencia confirmada dun profesor. Os restantes serán atendidos polo profesorado de garda.
17. Os alumnos de BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS poderán abandonar o Centro nos recreos. Os restantes permanecerán no instituto, (patio, sala de xogos, aulas non técnicas ou biblioteca).

# Resumo de Normas de Convivencia

---

18. Durante as clases non se poderá saír das aulas sen causa xustificada.
19. Entre clase e clase os alumnos permanecerán na aula gardando un comportamento correcto e coa porta aberta, non debendo saír os pasillos.
20. En caso de ausencia dun profesor os alumnos permanecerán dentro da aula coa porta aberta esperando a chegada do profesorado de garda que cubrirá a ausencia. De non presentarse o profesor de garda, o delegado ou subdelegado do grupo comunicará a Xefatura de Estudos dito feito.
21. Se un alumno chega tarde á clase o profesor decidirá se lle permite a entrada. En caso negativo, o profesor, previa notificación a calquera membro de garda ou do Equipo Directivo, enviarao á biblioteca ou a aula de convivencia indicando o traballo que ten que realizar nese tempo.
22. Se un alumno é expulsado de clase por mostrar unha conducta disruptiva o profesor deberá mandar a dito alumno, acompañado polo delegado ou subdelagdo do grupo a Xefatura de Estudos, sempre con traballo para realizar, o alumno cubrirá un parte de incidencias e a Xefatura de Estudos tomará as medidas pertinentes. O profesor deberá cubrir o corresponde parte de incidencias unha vez rematada a clase e entregalo cuberto en Xefatura.
23. Cando os alumnos teñan rematado un exame antes da hora de saída de clase, deben seguir na aula, non poderá saír os pasillos.
24. Procurarase que non coincidan máis de dous exames nun mesmo día, contando co acordo entre profesores e alumnos.

# Resumo de Normas de Convivencia


---



25. Os alumnos entregarán o largo do curso DOUS informes de AVALIACIÓNS CUALITATIVAS, (o 1º a finais do mes de OUTUBRO e o 2º no mes de FEBREIRO), e tres boletíns de NOTAS unha vez rematadas as avaliacións (decembro, marzo e xuño o maio para os 2º de bacharelato). Os alumnos entregarán o boletín aos seus pais ou titores tendo que *devolver* o resgardo debidamente asinado aos titores no prazo que estes sinalen.
26. A Biblioteca do centro ten unhas normas ás que deben someterse todos os alumnos que queiran utilizar os seus servizos.
27. Todos os membros da Comunidade Educativa están obrigados a velar pola adecuada utilización e conservación do material do Centro. Os pupitres e as paredes deberán estar limpos e sen escritos e pintadas.
28. Calquera alumno deberá mostrar as súas pertenzas a calquera membro do Equipo *Directivo* ou a seus representantes en caso de que a ocasión así o requira.

# Resumo de Normas de Convivencia

---

- 
29. Sempre que haxa unha convocatoria de folga para o alumnado, debidamente autorizada, procederase do seguinte xeito:
- a) Os representantes do alumnado avisarán da convocatoria de folga a Xefatura de Estudos, coa suficiente antelación (polo menos 48 horas), presentando a correspondente acta levantada pola Xunta de Delegados/as, así como a relación nominal dos alumnos/as que secunden a folga nos distintos grupos.
  - b) Do mesmo xeito, deberán presentar previamente no Centro a pertinente autorización asinada polo seu pai, nai ou titor/a legal, que lle será facilitada e recollida polos titores. Estes entregarán a X.E as autorizacións para que se consignen as ausencias no parte do día.
  - c) Os alumnos poderán vir ao centro a facer os exames que estiveran programados con anterioridade a xornada de folga.
29. Cando unha parte dun grupo realice unha actividade complementaria ou extraescolar, os que non participen teñen a obriga de asistir a clase como calquera outro día.
30. O alumno/a que falte a clase por causa xustificada ou inxustificada, ten a obriga de coñecer e realizar –agás en casos concretos- o traballo encomendado por cada profesor/a de materia, para que cando se incorpore o faga coa menor dificultade.